

A psiquiatría na provincia de Lugo dende o século XIX ata mediados do século XX

Dende mediados do século XIX comeza articularse a Beneficiencia Provincial promovida polo *Real Decreto de Internamiento e Observación de Dementes de 1885*.

Nesa época, en Galicia, non se contaba cun desenvolvemento científico-médico, nin con recursos nin infraestructura no campo da psiquiatría, polo que os enfermos derivábanse ao Manicomio de Valladolid, no excovento de Prado ás beiras do río Pisuerga.


En xullo de 1885 inaugúrase o Manicomio de Conxo, en Santiago de Compostela, iniciando un novo período na asistencia psiquiátrica galega. Porén, os prezos abusivos do Centro levan a que en 1906, unha vez máis, se trasladen os pacientes a Valladolid.

Orde do día: aprobase no dictamen da Comisión de Beneficencia, propoñendo:


1. A Comisión diríxese ao Manicomio de Conxo propoñéndolle que rebaixe ata 1,25 ptas. as dietas diárias dos locos que alí sostén a Deputación (...).
2. En caso de que non sexa aceptada, a Comisión xestionará coa Deputación de Valladolid o contrato para instalar no Manicomio que alí sostén aos dementes que sostemos en Conxo (...).

Boletín Oficial de Lugo, 248, de 30 de outubro 1906


ADPL sig21355.1



ADPL sig4546



ADPL sig4546



ADPL sig4548

No ano 1910 o Dr. Ricardo Núñez funda, nunha aldea da zona de Sarria, un pequeno centro privado sen fins lucrativos coñecido como Manicomio de Vilapedre, que funcionará como psiquiátrico provincial ata 1953.

Ademáis dos ingresos en Vilapedre, Valladolid e Conxo, os enfermos psiquiátricos internábanse nos hospitais provinciais. No caso de Lugo, no antigo Convento de Santo Domingo, con Rafael de Vega como director; e, dende 1930, no Hospital de Santa María, que contaba cun pavillón adicado a dementes.



Exma. Diputación Provincial (1958) Hogar de Santa María. *Revista Lucus*, 1, 28.



O problema de atención dos enfermos psiquiátricos tivo solución ao construirse nas inmediacións de Ribeiras de Lea un edificio axustado ás más modernas técnicas de construccions hospitalarias. Deste xeito resolvíanse, en parte, os inconvenientes de trasladar aos enfermos a centros hospitalarios doutras provincias, o que ocasionaba un cuantioso desembolso por parte da Deputación á vez que alexaba aos pacientes dos seus familiares.

Durante o século XX o Hospital Psiquiátrico de San Rafael de Lugo, tamén coñecido como Manicomio de Castro, desempeñou un papel destacado na atención psiquiátrica da rexión, proporcionando tratamento e coidado a persoas con trastornos mentais na provincia de Lugo.




Hospital Psiquiátrico San Rafael: recibidor (c. 1960) ADPL sig6905.328



Jacinto Argaya Goicoechea e Manuel Pardo y Pardo (c. 1960) ADPL sig6905.301

PABELLÓN N.º 13-14. ASILo-PACÍFICOS




Vila López, Alfredo (1943) Pabellón n.º 13-14 Asilo (pacíficos). [Plano] 1:100. ADPL sig17805.2

No 1954, nunha parcela duns 43.000 m², pone en marcha o Hospital de Castro, situado a unos 17 km de Lugo. Como director, o Doctor Ángel Usero Tiscar, médico especializado en Neuropsiquiatría e Secretario da Xunta Provincial de Asistencia Psiquiátrica.

Extracto das resolucións de maior importancia adoptadas por esta Presidencia durante o mes de novembro do último (...): adquisición de enseres e efectos para instalación e posta en marcha do Hospital de Castro, por 27.610,47 pesetas

Boletín Oficial de Lugo, 8, de 12 de xaneiro de 1954. ADPL sig21396.11



Excmo. Diputación Provincial (1958) Dr. D. Ángel Usero Tiscár y Médico ayudante. Revista Lucus, 1, 23.



Obras no Hospital Psiquiátrico de San Rafael (s.d.) ADPL sig3331.106




Obras no Hospital Psiquiátrico de San Rafael (s.d.) ADPL sig3331.107



Obras no Hospital Psiquiátrico de San Rafael (s.d.) ADPL sig3331.108

PLANTA




Vila López, Alfredo (1943) Pabellón n.º 13-14 Asilo (pacíficos). [Plano] 1:100. ADPL sig17805.2

Trátase dunha edificación monobloque en planta baixa, excepto o pavillón principal fronteiro á avenida de acceso que consta dunha planta alta destinada á vivenda da Comunidade Relixiosa, do Capelán e do Médico.

Consta de doce pavillóns dispostos simétricamente comunicados por medio de galerías. Entre eles, á sección Hospitalaria, os comedores, un central destinado á clínica e unha ampla capela, e, por último, o dos servizos xerais, composto pola cociña, lavandería, desinfección, etc.; a súa vez, contaban cos seus respectivos anexos para á sala de caldeiras, leñeira, matadeiro e porqueiras.

SECCIÓN



Vila López, Alfredo (1943) Pabellón n.º 13-14 Asilo (pacíficos). [Plano] 1:100. ADPL sig17805.2

Os frenocomios da época tentaban mudar o aspecto das celas de illamento que asemellaban ás prisións mediante a aplicación da ergoterapia, e así demostrar cos internos "son capaces de dar un rendemento social". Esta terapia ocupacional, combinada con electrochoque e *Largactil*, tiña como obxectivo diminuír os signos de "embrutecemento e deterioro da personalidade" (*Lucus 2, 28*). Baseábase nun sistema gradual segundo as capacidades dos enfermos; as seccións varíaban dende a horta, carpintería, limpeza, cociña, costura, albanelería ata ocupados de índole intelectual e, a cambio, recibían recompensas como lambetadas ou tabaco.

A finalidade da laborterapia, ludoterapia e a ximnoterapia era, segundo Usero, loitar contra as causas coñecidas e evitables da tolemaia, como a sífilis, o alcoholismo, as toxicomanías, problemas sociais, económicos e afectivos.

Entre os resultados da terapia ocupacional e o electrochoque menciónase que os pacientes destruían menos roupa, non causaban desperfectos no establecemento e apenas precisaban medicación sedante.



Excmo. Diputación Provincial (1958) Aspectos del Hospital Psiquiátrico de San Rafael. *Revista Lucus*, 1, 23-24.



Excmo. Diputación Provincial (1958) Consideraciones sobre algunos aspectos de la organización ergoterápica en el Hospital Psiquiátrico de San Rafael. *Revista Lucus*, 2, 26-27.



Terapia ocupacional cos internos (1958)
ADPL sig3331.176

Terapia ocupacional cos internos (1958)
ADPL sig3331.177

FUENTES PRIMARIAS:

- Boletín Oficial da Provincia de Lugo, 248, de 30 de outubro de 1906. ADPL sig21355.1
- Boletín Oficial da Provincia de Lugo, 8, de 12 de xaneiro de 1954. ADPL sig21396.1
- Boletín Oficial da Provincia de Lugo, 101, de 6 de maio de 1953. ADPL sig21395.2
- Boletín Oficial da Provincia de Lugo, 104, de 9 de maio de 1953. ADPL sig 21395.2
- Boletín Oficial da Provincia de Lugo, 104, de 10 de maio de 1954. ADPL sig 21396.1
- Boletín Oficial da Provincia de Lugo, 248, de 2 de novembro de 1954. ADPL sig21396.1
- Excma. Deputación Provincial de Lugo (1954) Actas Comisión Provincial. ADPL sig 11115.4

BIBLIOGRAFÍA:

- Exc. Deputación Provincial de Lugo (1958). Servicios de la Diputación. *Rev. Lucus*, 1 (1) 15-16.
- Exc. Deputación Provincial de Lugo (1958). Hospital Psiquiátrico de San Rafael. *Rev. Lucus*, 1 (1) 23-24.
- Exc. Deputación Provincial de Lugo (1958). Beneficiencia. Datos referentes al año 1957. *Rev. Lucus*, 2 (1) 14.
- Simón Lorda, D., Bustos Cardona, T. y Estévez Gil, X. (2014). Espacios de reclusión y de atención a la locura en la Galicia (España) de finales del siglo XIX y primeros años siglo XX en Pereira, A. L. y Pita, J. R. (Ed.) *IV Jornadas Internacionais de História da Psiquiatria e Saúde Mental* (43-53) Grupo de História e Sociología da Ciência e da Tecnologia-CEIS20 e Sociedade de História. <http://hdl.handle.net/10316/46241>
- Simón Lorda, D., Bustos Cardona, T. y Estévez Gil, X. (2015) Interín no pasen al manicomio: locura y reclusión en Galicia-España (finales siglo XIX y primeros años del siglo XX). *Rev. Asoc. Esp. Neuropsiq. [online]*, 35, (125) 93-110. ISSN 2340-2733. <https://dx.doi.org/10.4321/S0211-57352015000100007>
- Simón Lorda, D. y González Fernández, E. (21 de febrero de 2005). Psiquiatría. *El Manicomio del Dr. Ricardo Núñez: Historias de Lugo- Galicia- España (1885-1953)* <http://psiqui.com/2-9160>
- Usero Tíscar, A. (1958). Consideraciones sobre algunos aspectos de la organización ergoterápica en el Hospital Psiquiátrico de San Rafael. *Rev. Lucus*, 2 (1) 26-28.